

Regulamento Orgánico do Goberno e Organización do Pleno e a Comisión de Suxerencias e Reclamacións do Concello de Ourense

Indemnizacións por asistencia a órganos colexiados

Segundo as BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2012 no seu artigo nº 40

Artigo 40. Retribucións dos membros corporativos

A percepción de retribucións polo exercicio de dedicacións exclusivas, delegacións de área ou específicas será en todo caso incompatible coa percepción de indemnizacións por asistencias a órganos colexiados, exceptuando as correspondentes ó Consello Municipal de Deportes.

Por asistencias a órganos colexiados do Concello de Ourense, os membros electos da Corporación terán dereito a percibir, en función do órgano e da condición que ostenten dentro de este, as seguintes contías:

Pleno da corporación		434,00 euros
Xunta de Goberno		86,00 euros
Xuntas de área e comisións de Pleno	Presidente	103,00 euros
	Vocais	86,00 euros

As indemnizacións anteriores terán os seguintes límites:

- Pleno: Independentemente das sesións que teñan lugar, só se retribuirá unha ó mes.
- Xunta de Goberno: Máximo de 4 ó mes.
- Xunta de Área: Máximo de 8 ó mes (para o Presidente compútanse catro como tal e catro como membro ordinario dunha Comisión).
- Comisións de pleno:
 - Ordinarias: máximo de 2 o mes
 - Especiais:
 - De suxerencias e reclamacións, máximo de 1 ó mes
 - De contas, máximo de 1 ó ano.

De acordo co previsto no artigo 4, apartado 4, do Regulamento do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Ourense, aprobado en sesión plenaria de 06 de maio de 1995, os membros deste tribunal que teñan dedicación plena percibirán as retribucións correspondentes ó seu posto de traballo previstas na RPT do Concello.

No suposto de dedicación a tempo parcial, ditos membros percibirán, en concepto de asistencia a órganos colexiados, as seguintes indemnizacións:

- Presidente: 150 euros.
- Vocais: 125 euros.